

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA **EDUCACIÓN FÍSICA.**

ETAPA EDUCACIÓN PRIMARIA. **ANO ACADÉMICO 2019/2020**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Niveis	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1º	1.3 1.3 5.1 6.2	EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1.3.2-Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB5.1.3-Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. EFB6.2.1-Practica xogos libres e xogos organizados
2º	1.3 3.1 5.1 6.2	EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB3.1.1-Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. EFB5.1.2-Adopta hábitos alimentarios saudables. EFB6.2.1-Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.
3º	1.3 4.1 5.1 6.1	EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB4.1.2-Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos EFB5.1.3-Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. EFB6.1.2-Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
4º	1.3 4.1 5.1 6.1	EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB4.1.2-Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos EFB5.1.3-Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. EFB6.1.2-Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
5º	1.3 2.1 5.1 6.1	EFB1.3.1-Ten interese por mellorar a competencia motriz. EF2.1.2-Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. EF5.1.3-Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias EF6.1.2-Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
6º	1.3 2.1 5.1 6.1	EF1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EF2.1.2-Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. EF5.1.3-Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias EF6.1.2-Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

2. Avaliación e cualificación	
<u>2. Avaliación</u>	<p>2.1. Procedementos:</p> <p>❖ Autoavaliación Familiar Dirixida:</p> <p>Unha vez feitas as tarefas polo neno, as familias tamén dispoñen doutro documento coas realizacións, solucións, correctas. Momento no que as actividades, serán corrixidas/comprobadas polo pai/nai/titor legal do neno. A familia contestaralle en tempo e forma ao docente co visto bo da realización, pola vía acordada para caso.</p> <p>❖ Observación sistemática e análise das producións dos alumnos (empregando os vídeos e fotografías que me envían ao correo facilitado para tal fin)</p>
	<p>2.2. Instrumentos:</p> <p>❖ Enlaces webs lúdico/recreativos volcados na web do colexio.</p> <p>❖ Pautas lúdicas/recreativas realizadas conxuntamente co departamento de Orientación do centro.</p>
<u>2.3. Cualificación final</u>	<p>❖ Se as tarefas propostas son entregadas e tempo e forma, segundo se indique en cada actividade, e se entregan un mínimo do 80% por cento do total das actividades propostas, estas terán un valor sumativo do 10% da nota obtida na segunda avaliación.</p> <p>❖ <u>Se as tarefas propostas non acadasen os mínimos exixidos non serán tidas en conta na nota final.</u></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

3.1.Actividades

- ❖ Teatro de sombras. Recortar siluetas de cartolina e pegalas nun pau. Saca a lanterna e... que se faga a maxia!
- ❖ Gravar un vídeo teatral. Pensa unha idea, elixe os personaxes e grava unha escena, anuncio ou sketch divertido
- ❖ Desfile de disfraces Todo vale! Abre o armario e xoga con combinacións imposibles.
- ❖ Xogar a "se fose..." Se foses un animal Quen serías? por que?? e se foses un planeta, unha comida, unha peza de roupa?
- ❖ Adiviña a canción. Non valen palabras, tararea ou escolle unha soa sílaba. Que canción é?
- ❖ Disparates. Un di algo, o seguinte contéstalle algo que non ten nada que ver, e así sucesivamente A ver quen aguanta máis tempo sen rirse!.
- ❖ Xogar ao escondite na vivenda, nás distintas estancias da casa, piso,...
- ❖ Xogos de percepción, tapándolles os ollos e tentando que adiviñen pequenos obxectos polo tacto.
- ❖ Todo tipo de xogo popular/tradicional: a pita cega, o pano (no corredor da casa), pulso de dedos, o espello.
- ❖ Mini xogos de equilibrios, tentando manterse enriba (caixón de madeira) de pequenas superficies en distintas posicións, (con un único pe, tocándose a nariz,...).
- ❖ Actividades de relaxación , tentando con indicacións que fagan respiracións lentas, tombados unha vez rematen as actividades, que nos pasen ou pasámoslles por enriba das diferentes partes do corpo unha pelota blanda.
- ❖ Xogos de motricidade fina coas mans, palmadas con eles cantando cancións populares seguindo ritmos sinxelos.

3.2.Metodoloxía

	<ul style="list-style-type: none"> ❖ A metodoloxía empregada é participativa e activa, partindo das ideas, coñecementos e experiencias previas, propiciando unha intencionada mestura de varios métodos, recursos metodolóxicos, estratexias. ❖ Asignación de tarefas: o material cólgase na páxina web do centro para que o alumnado o leve a cabo e, na medida do posible, a familia saque algunha foto ou grave en vídeo mentres o está elaborando. Tamén se deixan na páxina web diferentes xogos en liña e descargables para que poidan realizar de xeito autónomo e sen supervisión. ❖ As técnicas a utilizar serán fundamentalmente lúdicas , para unha maior motivación, adecuándoas aos recursos que dispoñamos.
<p><u>3.3. Materiais e recursos</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Distintos medios tecnolóxicos: plataformas virtuais, aplicacións telefonia móbiles, correo electrónico, paxina web do centro. ❖ Pequeno material que teñan nas casas: caixas de cartón, globos,folios,cadeiras,...

4. Información e publicidade	
<p><u>4.1. Información ao alumnado e ás familias</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> ❖ A información será transmitida mediante correo electrónico, avaral móbil, servizo de mensaxería de telefonía móbil e a paxina web do centro.
<p><u>4.2.Publicidad e</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Na páxina web do centro colgaranse os documentos, enlaces de web e demais información de interese para as familias e os nenos.